



MEMORIA XUSTIFICATIVA COMPLEMENTARIA DA NECESIDADE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A ORGANIZACIÓN DA FEIRA CELTA 2024

EXP 778/2024

Vista a memoria xustificativa da necesidade de contratación do servizo para a organización da Feira Celta 2024 asinada en data 19/04/2024 pola concelleira delegada de Cultura, Ocio, Tempo libre e Turismo.

Visto o punto sétimo da memoria, relativo a determinación dos **criterios de adxudicación do contrato**, en concreto en canto aos **criterios avaliábeis mediante xuízos de valor** que literalmente establecía:

a) *Avaliábeis mediante xuízo de valor (ponderación de 25 puntos)*

-Programa de actividades: a elección deste criterio xustifícase en tanto en canto, de acordo coas apreciacións trasladadas polos servizos técnicos municipais de cultura, é o recurso máis axeitado para avaliar a aptitude dos licitadores para a prestación dos servizos obxecto do contrato. Asimesmo, nun contrato cuxas prestacións teñen nun elevado grao unha compoñente artística, eríxese como o mellor criterio para estimular a maior variedade posible de solucións e, de entre todas, escoller a que do mellor xeito satisfaga as necesidades do concello.

Logo de varias reunións cos servizos técnicos municipais de cultura, considerase necesario emitir esta memoria complementaria aos efectos de que o citado punto sétimo no relativo aos **criterios avaliábeis mediante xuízos de valor** quede desglosado do seguinte modo:

A) **AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR (ponderación de 25 puntos)**

1.- Proposta da planificación, organización e xestión para a posta en marcha da Feira Celta.

Se valorará:

- a descrición adecuada da forma de realización da monataxe do evento.
- a disposición axeitada dos postos no ámbito do evento atendendo ás características do mercado e ás rúas que ocupa, valorándose positivamente que os postos de restauración e hostelería ocupen superficies pequenas ao tratarse do espazo principal do evento.
- descrición das medidas a adoptar para a organización do tránsito de vehículos e persoas dentro da zona afectada con motivo da montaxe e desmontaxe.
- descrición posibles problemáticas que poidan xurdir durante a organización do evento e forma de afrontar as mesmas.
- planificación dos traballos de recollida de residuos e limpeza diaria.
- adecuación dos medios humanos e materiais necesarios para a prestación do evento.

Abanico: **de 0 a 5 puntos**





PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
EXCELENTE: A proposta presenta unha definición completa e supera de forma moi satisfactoria os mínimos esixidos.	Hasta 100%
BOA : A proposta supera os mínimos esixidos aportando aspectos vantaxosos para a execución do servicio.	Hasta 65%
ACEPTABLE: A proposta mellora de forma discreta os mínimos esixidos.	Hasta 30%
SUFICIENTE: A proposta cumpre os mínimos esixidos nos pregos, sen aportar ningún elemento que mellore os mesmos.	0%

2.- Proposta de decoración e ambientación do espazo no que se desenvolverá a Feira Celta.

Se valorará:

- descrición axeitada dos medios e solucións ofertados para acondicionar o espazo.
- fidelidade dos medios propostos ao contexto histórico ou adecuación a temática do evento.
- singularidade e novidade respecto a anos anteriores.
- calidade dos materiais empregados.

Abanico: **de 0 a 5 puntos**

PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
EXCELENTE: A proposta presenta unha definición completa e supera de forma moi satisfactoria os mínimos esixidos.	Hasta 100%
BOA : A proposta supera os mínimos esixidos aportando aspectos vantaxosos para a execución do servicio.	Hasta 65%
ACEPTABLE: A proposta mellora de forma discreta os mínimos esixidos.	Hasta 30%
SUFICIENTE: A proposta cumpre os mínimos esixidos nos pregos, sen aportar ningún elemento que mellore os mesmos.	0%





3.- Proposta de actividades (actuacións musicais, teatrais ou circenses, pasarrúas e demais actividades de animación que se proponen desenvolver: talleres de oficios demostrativos e exposicións fixas):

Se valorará:

- Novidade da proposta respecto a anos anteriores.
- Diversidade ou variedade e calidade dos espectáculos ofrecidos con atención ao número de pases diarios, duración dos mesmos.
- Adecuación da proposta á temática.
- Variedade, calidade artística e solvencia técnica das compañías.
- Calidade, diversidade e singularidade dos talleres de oficios antigos, valorando a presenza de talleres abertos á participación do público.
- Calidade de exposicións (tipo de elementos expostos, distribución e ocupación das mesmas, tamaño das mesmas, singularidade respecto a anos anteriores).

Abanico: **de 0 a 15 puntos**

PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
EXCELENTE: A proposta presenta unha definición completa e supera de forma moi satisfactoria os mínimos esixidos.	Hasta 100%
BOA : A proposta supera os mínimos esixidos aportando aspectos vantaxosos para a execución do servizo.	Hasta 65%
ACEPTABLE: A proposta mellora de forma discreta os mínimos esixidos.	Hasta 30%
SUFICIENTE: A proposta cumpre os mínimos esixidos nos pregos, sen aportar ningún elemento que mellore os mesmos.	0%

A elección destes criterios xustifícase en tanto en canto, dacordo coas apreciacións trasladadas polos servizos técnicos municipais de cultura, é o recurso máis axeitado para avaliar a aptitude dos licitadores para a prestación dos servizos obxecto do contrato. Asimesmo, nun contrato cuxas prestacións teñen nun elevado grao unha compoñente artística, eríxese como o mellor criterio para estimular a maior variedade posible de solucións e, de entre todas, escoller a que do mellor xeito satisfaga as necesidades do concello.)

En Porto do Son na data da sinatura dixital
A Concelleira de Cultura, Ocio e tempo libre e Turismo
Alicia Martínez Maneiro
Conforme o Alcalde

